

PROBA ESCRITA
LINGUA GALEGA E LITERATURA (3ª AV. - I)
2º ESO – 28/05/2021

NOME E APELIDOS: _____

Nasín cando as prantas nasen,

no mes das froles nasín,

nunha alborada mainiña,

nunha alborada de abril.

Por eso me chaman Rosa,

mais a do triste sorrir,

con espiñas para todos,

sin ningunha para ti.

Desque te quixen, ingrato,

todo acabou para min,

que eras ti para min todo,

miña groria e meu vivir.

(...)

Duro cravo me encravaches

con ese teu maldesir,

con ese teu pedir tolo

que non sei qué quer de min,

pois dinche canto dar poden

avariciosa de ti.

O meu corasón che mando

cunha chave para o abrir.

Nin eu teño mais que darche,

nin ti máis que me pedir.

Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*

1.

- a) Indica a que **xénero literario** pertence este texto e **sinala catro características** deste xénero. [0,5]
- b) **Cita** os demais **xéneros** que existen e **indica unha característica** de cada un. [0,3]
- c) Este texto pertence á **literatura popular** ou á **culta**? **Xustifica** a túa resposta. [0,2]

2.

- a) Indica cal é a temática deste texto. [0,15]
- b) Explica o contido do texto tal e como ti o interpretas (p. ex. : *O texto expresa...*). [0,6]
- c) Analiza a **métrica** do fragmento subliñado (número de **sílabas** e tipo de **rima**). [0,3]
- d) **Sinala** no texto un **recurso estilístico**. [0,2]
- e) Pon **tres exemplos de recursos estilísticos** inventados por ti. [0,6]

3. [0,75]

- a) Procura no texto **3 verbos conxugados** e indica se están en **pasado, presente ou futuro**.
- b) Procura no texto **2 verbos en infinitivo**.

4. Escribe a forma correcta das seguintes formas verbais: [0,8]

- a) 1ª persoa do singular do antepretérito de indicativo do verbo *cantar*:
- b) 3ª persoa do plural do copretérito de indicativo do verbo *saber*:
- c) 3ª persoa do singular do pretérito de indicativo do verbo *dicir*:
- d) 2ª persoa do plural do futuro de indicativo do verbo *cantar*:

5. Redacta un **perfil de Xela Arias** ofrecendo polo menos **10 datos** sobre a súa vida e obra: [1,2]

6.

a) Completa as seguintes palabras con **b, v, h, x, s** segundo corresponda: [1]

e__tran__eira __aleiro __élice mó__il
pa__illón __armonía __arrer e__ce__o

b) **Escribe unha oración** con cada unha destas palabras [0,6]:

misto mixto xeo seo

7. Sinala se estas oracións son **verdadeiras (V)** ou **falsas (F)**. Se son falsas, xustifica por que. [1]

- a) Os estranxeirismos son un xeito de enriquecer a nosa lingua.
- b) *Chofer* é un préstamo lingüístico procedente do inglés.
- c) *Fútbol* é un préstamo lingüístico que se traduciu á lingua receptora.
- d) *Slogan* é un estranxeirismo que procede do inglés.
- e) *Álgebra* é un préstamo lingüístico procedente do árabe.
- f) *Tournée* é un estranxeirismo que significa *recordo*.

8. **Escribe a palabra** que lle corresponde a cada unha das seguintes **definicións**: [0,3]

- a) Lugar onde os barcos de pesca largan os aparellos para capturar o peixe:
- b) Profunda irritación do ánimo producida por algún suceso adverso:
- c) Nome que se lle dá coloquialmente a unha persoa en lugar do seu propio, tomado dos seus defectos físicos, morais ou doutras circunstancias:

9. Sinala o **suxeito (S)** e o **predicado (P)** destas oracións e indica o **núcleo (N)** de cada un: [0,9]

- a) A miña casa ten moitas ventás. b) Está de moda o TikTok. c) Falas demasiado alto.

10. **Ordena cronoloxicamente** estes períodos históricos (1= máis antigo, 6= máis recente): [0,6]

- __ Xurdiron as diferentes linguas romances. __ O galego e o portugués separáronse.
- __ Produciuse o Rexurdimento da lingua e a literatura galega grazas a figuras coma Rosalía.
- __ O latín introduciuse na actual Galicia. __ O galego foi perseguido polo Franquismo.
- __ O galego desapareceu da escrita e o castelán pasou a ser a lingua culta en Galicia.

PREGUNTA-AGASALLO
(para subir un máximo de 0,2 puntos da nota)